

Moitos seguimos a chamarlle mestre

I

Como non son reintegracionista, aínda que si fervente partidario de Portugal e as súas institucións, lingua incluída, teño sempre a tendencia a escribir Carballo, e non Carvalho, Calero. Pero en trasacordo remato sempre optando pola segunda opción, porque Don Ricardo foi a que escollera como “nom de plume”. Claro, non son tan inxenuo como para pensar que se trata dun pseudónimo inocente, como para enredar con el, ou xogar ás camuflaxes. Carballo quixo ser Carvalho convencido e razoado, seguro de que a liña lusista era a máis segura (tamén esteticamente falando) para salvar unha lingua, como a nosa, en perigo gravísimo de extinción. O tempo será o que decida quen estaba no certo. A RAG, de momento, negándolle con teimosía o Día das Letras Galegas a Ricardo Carvahlo Calero semella quitarlle os cretos (e aínda os créditos) a este. E aquí deteño o meu exordio para protestar de novo pola inxustiza. O argumento

de como ir diante dos escolinos cun escritor “portugués” semella disparate. Entre outras cousas porque a meirande parte da obra de Carballo fora escrita por Carballo. Mais, como diría o Foz, ¿el logo temos a lepra os reintegracionistas? Ou algo así. Trátase do obvio, de quen sen Ricardo Carvalho, sen o seu esforzo titánico durante os anos de pedra, a nosa lingua, academicamente falando, non tería superado reválida ningunha. E ao mellor nin sequera o exame de ingreso. Na Universidade, sen dúbida, onde chegou da man deste ferrolán teimoso, oficial que fora do exército republicano, e presidiario á conta dos vencedores que tentarían facer anacos (nunca o darían dobregado) a carreira académica dun dos nosos intelectuais mellor dotados. E volvo facer un inciso para sinalar que os anos de chumbo de Carvalho, horas e horas de leccións privadas para sobrevivir, foron así porque feito prisioneiro ao remate da contenda non tivo a posibilidade de fuxir do país cruel que o relega a un exilio interior. Fóra o noso heroe tería sido, moi posiblemente, profesor universita-



Ferrol, 29 Abril 1915. Á dereita R.Carballo Calero cos seus pais e irmaos Mario e Dolores.



Compostela 1972. Día da toma de posesión da Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade.



Arriba: Con Ramón Piñeiro na Galería Sargadelos de Santiago en 1978, no marco da Exposición Homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos.

Abaixo: Na casa do Concello da Coruña na Reunión da Real Academia Galega, o día da toma de posesión de Domingo García Sabell como presidente de dita entidade. Sentados izq. a dereita, Xosé Filgueira Valverde, Carballo, Francisco Vales Villamaría, García Sabell, Rafael Dieste, Antonio Fraguas, Xosé Trapero Pardo, Antonio Gil Merino; de pé, Isidoro Millán González-Pardo, Eugenio Torre Enciso, Enrique Vidal Abascal, Isidro Parga Pondal, Manuel Chamoso Lamas, Ramón Piñeiro, Marino Dónega, Enrique Chao Espina, Antonio Meijide Pardo e Juan Naya.

rio ou investigador, nas mesmas condicións que moitos correligionarios seus empurrados polas velas da desfeita, mais que souberon facer da desgraza virtude. Carvalho, no interín, a explicar materias diversas en horarios de pedagogo romano, xa se sabe, aqueles escravos (cultos, iso si, vidos de Grecia, Exipto e Siria), que instruían a cambio dunha escasísima remuneración aos fillos dos patrios. Pero as cousas foron así, máis ou menos como agora as resumo. Desde aquel 30 de outubro, de 1910, en que Carvalho nace nunha casa (hoxe vellería pura e dura, agardando a consabida man de neve que dea feito algo con ela, que ultrapase a incuria do tempo e dos ferroláns) da Rúa San Francisco. Esa arteria do Ferrol Vello que vencella a igrexa do que fora convento franciscano coa Praza Vella. Don Ricardo ten dito que aprendeu a ler coa súa nai, empregando como manual de aprendizaxe *El Correo Gallego*. Estudos de bacharelato no Colexio Sagrado Corazón de Jesús da man de Manuel Comellas Coimbra, examinándose por libre na Coruña, mais tamén pasando polos institutos de Lugo e Ciudad Real. Nun principio Ricardo Carvalho, como tantos rapaces ferroláns, ía para mariño, mais o conto é que puido a súa vocación literaria, de maneira que en 1926 aparece en Santiago, cidade decisiva na súa formación e vivencias (ao respecto hai unha novela, *Scórpico*, na que



Na casa do Concello de Ferrol en 1990, cando foi nomeado Fillo Predilecto da cidade.

Carvalho verque ese tempo), estudando Filosofía e Letras e Dereito. Entre os seus profesores: Cotarelo Valledor, Pérez Bustamente ou Abelardo Moralejo Laso. Anos de actividade intelectual intensísima, na que se vencella ao Seminario de Estudos Galegos, tamén á FUE, organismo tan activo na defenestración da ditadura de Primo de Rivera. Carvalho Calero, en fin, participa igualmente na fundación do Partido Galeguista (1931). Rematados os estudos universitarios, volve a Ferrol, onde traballa no concello como auxiliar administrativo, ao tempo que (xa casado con María Ignacia Ramos) prepara a oposición a catedrático de instituto. Ese concurso de xullo de 1936 que daría co noso personaxe (dono xa de obra publicada en verso, en español e galego) no Madrid do brután estoupido da Guerra Civil, que faría de Carvalho servidor da legalidade republicana, trocando a súa americana e lazo de gato civís en guerreira de tenente do Batallón Félix Bárzana, na defensa do Madrid asediado polas tropas facciosas. Este Félix Bárzana, do que nos fala o xeneral Modesto nas súas memorias, sería o primeiro mestre madrileño defendendo a causa da República. Eis a razón do nome do batallón, auspiciado pola FETE-UGT, ao que tamén pertencería o gran Raimundo Domínguez “Borobó”, personaxe barroxiano, quen dirixindo “La Noche” tería de acoller nas súas pá-



De arriba a abaixo: En Portugal en 1963 con Celso Emilio Ferreiro, Francisco Fernández del Riego, Antonio Fraguas e as suas respectivas mulleres no Congreso de Santo Tirso. En Trasalba en 1958, durante a visita galeguista a Ramón Otero Pedrayo. En Santiago en 1981, durante a presentación do seu libro “Problemas da lingua Galega”, con Manuel Rodríguez Lapa, Constantino García e Ferreira Costa.

xinas a escritores galeguistas proscritos. Así a Ricardo Carvalho. Quen rematada a guerra bota dous anos de presidio en Xaén, acusado de sedicioso e separatista, ata conseguir a liberdade provisional que o devolve a Ferrol. Onde imposibilitado para exercer cargos oficiais ten de acollerse como tantos outros ao ensino privado. Sobranceiramente na Academia Cervantes, dirixida por Don Ramón Sánchez Dopico, home de dereitas mais liberal no senso cervantino (precisamente), quen lle ofrece hospitalidade. De Ferrol Carvalho marcha a Lugo, onde outro filántropo, neste caso galeguista, Antonio Fernández, pon nas súas mans (de maneira oficiosa, pois Carvalho, xa se dixo, estaba inhabilitado para ocupacións de



Co galerista Antonio Fernández López e o crego Xosé Castro nun almorzó no Colexio Fingoi.



Cancelación de antecedentes penais (22-5-1963).

carácter oficial) o Colexio Fingoy, un oase docente cando a ditadura. Nel Carvalho estaría ata 1965, ano en que pasa a Santiago, onde chegaría a ser titular en 1972 da primeira cátedra de Lingüística e Literatura Galegas, ata a súa xubilación en 1980. Ricardo Carvalho, residiría en Santiago, na Carreira do Conde, ata 1990, ano en que morre. Que vinte anos despois do seu pasamento aínda haxa problemas para que se lle dedique o Día das Letras Galegas, cando o tope é a década (nin sequera cumprido con toda exactitude no caso de Celso Emio Ferreiro) é algo arraián na inxustiza máis teimosa. Mais esta é outra historia que, diría Ruyard Kipling, precisa doutro lugar para ser contada.



En maio de 1981 en Sargadelos do brazo de Isaac Díaz Pardo, o editor das recopilacións da súa obra completa nestes anos.

Santiago, Feb. 1928. Excursión pola cidade na clase do profesor Moralejo. De esquerda a dereita: Carballo, María Ignacia Ramos, Pilar Vázquez, Luis Pereira, Abelardo Moralejo Laso, Remedios Alvarez, Maria Tobío, Carmen Fernández, Manola Penancos, Luis Bescansa e José Pérez Parallé.

II

Carvalho encetara a súa boroa-coroa (de pan e de espiñas, existenciais “avant la lettre”, cando non sensuais) en español con *Triturarias* (1931). Neste idioma aínda habería de publicar *La soledad confusa* (1931); sendo *Poesía perdida* (1993) compendio e resume destes libros e outras composicións escritas igualmente en español. Que cadran coas características dunha poética que ao se desenguedellar desprende, desde o rigor formalista, unha inquedanza entre a mística e a erótica, que o tempo irá tinguindo de escepticismo combinado cun afondamento nas posicións da radicalidade íntima. En galego Carvalho debutaría con *Vieiros* (1931), ao que segue *O silencio axionllado* (1934), libro este no que se deixan ver certos posicionamentos vangardistas. Logo o paréntese bélico e, aínda despois, o presidiario que non dobregaron a militancia ética do mestre (ideal para min, pola súa afouteza de espírito, poisque nin sequera fun alumno del senón a través dos seus libros e algunha carta). De semellante ensimesmamento saíría Carvalho con libros como *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) ou *Salterio de Fingoi* (1961) ata chegar, xa na democracia, e despois de varios títulos recompiladores dunha arte, a poética, pola que Carvaho sentía auténtica vocación, a un título tan rechamante como *Reticencias...* (1986-1989) (1990). O poeta Carvalho Calero ficou escurecido polos seus múltiples traballos críticos e filolóxicos. Tamén pola evidente frialdade



Pronunciando unhas palabras na homenaxe a Castelao organizada en 1986 pola AGAL en Rianxo, un dos múltiples actos nos que participou nesta etapa. Abaixo: No Parlamento de Galicia na conmemoración do primeiro Estatuto de Autonomía; de esquerda, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Avelino Pousa Antelo, Carballo, Raimundo García Domínguez “Borobó”, Xosé Adrio, Daría Gonzalez García-Paz, Manuel Beiras García, Pura Lorenzana e a súa irmá, Manuel Martínez López e Cesáreo Saco.

dunha poesía onde a “lóxica” e o cerebro rexen sobre outras cuestións que impedían o “pathos” ou arrebatado dun, polo demais, máis que estimable poeta. E finísimo catador de poesía. Traballador tamén da ficción narrativa, Carvalho inaugura a novela de posguerra con *A xente da Barreira* (1950), novela nunha liña realista con apuntes de reconstrución dun pasado que se ollase en clave saudadosa; non obstante, o ritmo lixeiro desta narración fala dun aberto oxímoro entre maneira e concepto. Así e todo Carvalho Calero era consciente, ao dar este paso, de que andaba a recomenzar un camiño obstaculizado por toda caste de atrancos. A ruralidade da temática, por outra parte, fala dunha lección costumista con matices dun naturalismo xamais extremo. Como nada o foi en Carvalho Calero, mestre sempre seguro, búsola de perplexos ou desnortados. Tres anos antes da súa morte, no interín publicara diferentes relatos, Carvalho daría ao prelo *Scórpico* (1987), libro que ten moito de confesionalidade dun dos derrotados daquela grande ilusión que fora a II República. Desta maneira o protagonista (sen voz), Rafael Martínez, é retratado por un conxunto polifónico manexado con destreza por un escritor que, xa se dixo, entraba na súa etapa vital derradeira. Á parte o xogo metaliterario que supón esta novela, cáseque de como se fai (ou desfai) unha novela nun xogo de bonecas rusas ou caixas chinesas. Carvalho Calero practicou tamén o teatro, salientando na súa produción títulos como *A sombra de Orfeu* (1948) ou *Auto do prisioneiro* (1969). Un teatro existencial, co seu aquel de absurdo, que fuxe —



Ferrol, 26 de Abril de 1936.

non obstante— de lirismos escapistas malia a censura ríxida do tempo. Teatro para ser lido, si, mais tamén representado. Agardando, se cadra, esa segunda oportunidade que o tempo deberá darlle a un autor merecente dela. Do que seguen a gañarlle batallas despois de morto as súas obras críticas, filolóxicas ou, simplemente, eruditas. De toda esa obra grande e intensa como o peso do amor que en Galicia verquera o mestre cabería salientar *Sete poetas galegos* (1955), *Gramática elemental do galego común* (1966), *Estudos rosalianos* (1979) e, sobre todo, esa monumental *Historia da literatura galega contemporánea* (1975), estudo rigoroso, exhaustivo e sistematizador ao que tanto lle debemos todos os que andamos por este complexo territorio. Tanto.

III

Tiven primeira noticia de Carvalho a través do libro *Sete poetas galegos*, capa verde, dun verde alegre, que estaba na librería dunha casa, a miña, que se ben non tiña mala biblioteca estaba orfa de libros galegos. Excepcións: as obras de Rosalía na edición de García Martí, o libro de *Don Ricardo e Do sulco*, de Xohana Torres, precisamente prologado por Carvalho. Quen lembraba a Xohana dicíndolle non sei que lección nunha das aulas múltiples oficiadas polo estaxanovista do ensino que era o noso mestre. Home moi parcial das mulleres guapeteiras, o que me fai pensar que en Xohana Torres soubo aunar o descubrimento dunha poeta radical e da moza fermosa que na santiaguesa (pero definitivamente ferrolá) aniñaba. Así que Carvalho estaba na miña casa en libro, pero tamén en conversas difusas ou bretemosas para o cati-

El domingo, en Santiago UNA MEMORABLE JORDANA GALLEGUISTA



1 Castelao – 2, Alvaro de las Casas – 3, Paz Andrade – 4, Carballo Calero – 5, Otero Pedrayo. Mitin no Teatro Principal de Santiago.

vo que eu era daquela, referidas a unha guerra civil, aínda no aire, que fixera moito dano a xente de talento, como este señor do Ferrol Vello (do Ferrol de sempre), que ademais mercaba, xunto coa súa esposa, no comercio de tecidos familiar. Logo, xa en Santiago, Carvalho –nunca esquezo a súa ollada de aguís curiosa, e penetrante– entrevistado no bar e nos corredores da Facultade de Letras; nós no piso superior, os de Dereito, no baixo. Daquela contaban o conto de Carvalho dicindo algo así como: “Miña dona, compre que acenda o botón vermello para que dea ascendido o rubidoiro”. O que se completaba coa anécdota (polo demais tamén aplicada a Otero) da criada de Carvalho dicindo despois de sentirlle unha parolada en galego: “¡Que ben que fala francés o señorito!” Parvadas propias do autonoxo tan característico de moitos dos nosos paisanos. Os mesmos que morrían de risa escoitando “Dallas” no noso idioma, cando a TVG (chamada polos mesmos “telegaita”) aparecera en Galicia. Con Carvahho fun falar algunha vez á súa morada de Carreira do Conde, por máis que notara nel certo xesto fuxidío se o tema político comezaba tomar terra. O que non quita que mantivese sempre a postura dignísima do exiliado interior. Logo despois, a conta dos meus primeiros libros, mantivemos carteo. Sobre todo cando lle dediquei poema nun libro homenaxe da Sociedade Medulio (no que entrei da man de Xosé María Dobarro, fidelísimo discípulo do mestre). No poema situaba a Carvalho na Illa de Aran, dándolle o nome de Ristead, Ricardo en gaélico, e así asinou a derradeira carta que me escribira, quen foi meu mestre (sigue a selo) aínda que non o soubera. Hoxe continúa gañando batallas despois de morto, por mais que a RAG, a pesares da RAG, da que –como non podía por menos– formara parte. G

Vicente Araguas é xornalista e escritor. O seu último libro de relatos titúlase *Xuvia-Neda*.